Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

33.- ADXUDICACIÓN DA INSTALACIÓN DUN PARQUE TEMATIZADO EN CASTRELOS. EXPTE. 5261/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do secretario da mesa de contratación, do 30.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1.SAMIL

2.LAPPSET

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís JARDINCELAS, HAGS, JUEGOS KOMPAN, HPC, TLF, GALOPIN, UTE ACCIONA MOBIPARK e CONTENUR por canto non acadaron o umbral mínimo de puntuación esixida pola cláusula 16 do prego ós licitadores para continuar no proceso selectivo, en aplicación do artigo 134.4 LCAP.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, SAMIL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, SAMIL, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.281,41 €.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 23 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado,

notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á mercantil SAMYL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN PARQUE TEMATIZADO EN CASTRELOS.(EXPTE.5261/446) por un prezo total de 950.000 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

lp

V.e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.

O. DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CONCELLO DE VIGO